

NOVA NARRATIVA GALEGA

- Este tema está no apartado 2 do tema 14 no libro de texto. O título para a ABAU é: *A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas*
- O tema xa está recollido neste esquema, só tendes que estudalo e logo para redactalo no exame de selectividade só hai que engadir nexos e marcadores discursivos (*por isto, canto a, pero, e, segundo...*).

→ O nome é un calco de *Nouveau Roman Français*

→ Grupo determinado de textos e autores marcados por unhas características literarias e xeracionais comúns, cun desexo de renovar a narrativa galega. Son universitarios cando escriben estas obras. Viaxaron polo estranxeiro. Ideoloxía nacionalista de esquerdas.

Características xerais

→ Argumento:

- Desaparece historia argumental
- Desaparece estrutura tradicional (presentación, nó, desenlace)
- Argumento: sucesión de anécdotas ou acontecementos cotiás
 - Diálogos absurdos e incoherentes

→ Temática:

- A **morte, estados psicolóxicos e patolóxicos** de todo tipo: a loucura, perturbacións sexuais, os soños, o desdramatamento da personalidade → leva ao personaxe á soidade e á dor existencial
- A violencia, a tortura, ambientes agresivos...

→ Simbolismo:

- Os personaxes son símbolos do ser humano en xeral
- A *fiestra* (frecuente) simboliza a relación do personaxe co mundo exterior, a súa ausencia é o illamento coa vida

→ O narrador:

- Enfoque múltiple (**multiperspectivismo**) a través dos diferentes personaxes
- **Monólogo interior** → integración do pensamento do personaxe no discurso do narrador, en estilo indirecto libre e en primeira persoa

→ O obxectualismo:

- Protagonismo excesivo aos **obxectos**, descritos polo miúdo como se o narrador fose unha cámara de cine
- ao darlle tanta importancia ao obxecto desa parece o personaxe, os seus valores humanos e os seus sentimentos
- vén sendo unha crítica á sociedade "cousificada", na que as cousas son máis importantes cós individuos

→ O espazo:

- espazos **fechados**, case **claustrofóbicos**
- tamén espazos moi abertos, ás veces imprecisos

→ O tempo:

- tempo distorsionado con frecuentes **anacronías**, prolepsis, analepses
- duración temporal múltiple (o presente nun lugar, o pasado noutro...)

→ Os personaxes:

- desaparece a importancia do personaxe, deixa de haber heroes
- seres **anónimos** cunha existencia monótona da que se narran situacións triviais
- **psicoloxicamente complexos**: desorientados, con traumas infantís, angustiados, inseguros...
- viven nunca continua crise persoal, nun mundo do absurdo

→ A linguaxe:

- **amplíase o vocabulario** do galego literario: léxico das matemáticas, científico...
- Na **sintaxe** son frecuentes os **anacolutos**, moitas veces derivados do monólogo interior
- Antropónimos curiosos, exóticos (Kera, Nix...)

→ **A estilística:**

- Algúns trazos estilísticos teñen relación coa cinematografía
 - Numerosas e detalladas **descricións**, como se fose a visión a través dunha cámara, isto leva á suspensión do relato xa que demora a aparición dun feito concreto
 - **Elpise** ou ocultamento de detalles importantes para o desenvolvemento da historia, facendo ao lector máis activo
 - **Minimalismo estilístico**, o importante é a historia e non a maneira de narrar

→ **Influencias:**

- **Kafka** → mundo do absurdo que rodea os personaxes
- **W. Faulkner** → multiperspectivismo
- **Joyce** → monólogo interior
- **Marcel Proust** → exposición minuciosa dos estados de ánimo
- **John Dos Pasos** → técnicas narrativas cinematográficas
- **Samuel Beckett** → mundo do absurdo

→ **Autores:**

- **Gonzalo Rodríguez Mourullo:** *Nasce unha árbore*
- **Xosé Luís Méndez Ferrín:** *Percival e outras historias; O crepúsculo e as formigas; Arrabaldo do Norte*
- **M^a Xosé Queizán:** *A orella no buraco*
- **C. G. Suárez-Llanos (Camilo Gonsar):** *Lonxe de nós e dentro, Como calquer outro día*
- **Xohana Torres:** *Adiós María*
- **Carlos Casares:** *Vento ferido; Cambio en tres*